

O Centro de Interpretación do Pico Sacro xa loce unha renovada imaxe

O Concello de Boqueixón vén de finalizar as obras de acondicionamento e mellora no Centro de Interpretación do Pico Sacro. Esta actuación está incluída dentro do proxecto de posta en valor do Pico Sacro e da súa contorna, que recibiu o Premio Parabéns da Axencia Galega de Turismo. Para a anualidade de 2018 investíronse un total de 288.000 euros en diversas obras.

Os traballos que se levaron a cabo nesta infraestructura turística e cultural localizada no lugar de Cachosenande comprenderon a substitución da carpinteiría das fiestras, a recuperación do chan da planta baixa do edificio, ademais de labores de drenaxe e climatización. Deste xeito, búscase garantir a durabilidade dun edificio que conta con tres lustros de existencia. A actuación completouse co arranxo da



Vista da renovada fachada do Centro de Interpretación do Pico Sacro, que foi obxecto de varias melloras

maqueta do municipio de Boqueixón que xa se pode ver no interior deste Centro de Interpretación.

Por outra banda, o proxecto que levou o Premio Parabéns tamén contemplou medidas de redución do impacto paisaxístico do depósito municipal de augas situado na contorna do Pico Sacro. Para isto,

acometeuse a substitución da cuberta desta infraestructura para incorporar outra de tipo vexetal, á que se sumaron os traballos de limpeza correspondentes para non danar a estrutura das galerías.

Finalmente, e co fin de facer do Pico Sacro un lugar de obrigada parada para as persoas que percorren a

Vía da Prata, tamén se está a acometer unha senda peonil que une o cumio do Monte Sagrado co lugar de Cachosenande. Do mesmo xeito, levouse a cabo a limpeza do terreo que rodea a Capela de San Sebastián, ademais da prantación de especies arbóreas e arbustivas autóctonas na contorna do Pico Sacro.

O Concello destina preto de 240.000 euros a máis de 20 obras

O Pleno extraordinario celebrado en decembro deu luz verde ao Plan Único de Concellos POS+2019 da Deputación da Coruña. O alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, salientou que se acometerán “un total de 25 actuacións que

mellorarán as infraestructuras na maioría das nosas parroquias”.

Dos 509.517,38 € do POS+2019, destinaranse ao financiamento de gastos correntes 238.681,79 euros. Os 270.835,59 euros restantes investiranse en obras de mellora de

pistas e camiños e en servizos básicos de diversas parroquias do municipio.

Festivos locais

Por outra banda, na súa última sesión ordinaria do ano, o Pleno de Boqueixón aprobou os festivos locais para o 2019. Estes serán o

día de San Vicente (martes 22 de xaneiro) e a Ascensión (xoves 30 de maio).

Como en anteriores ocasión, o Concello realizará unha recepción á veciñanza co gaio da festividade do patrón. Será o día 22 deste mes ás 12.00 horas no consistorio.



O centro sociocomunitario de Sergude estará operativo en primavera

Sergude contará co seu centro sociocomunitario na próxima primavera

O Concello de Boqueixón xa ten en marcha as obras de acondicionamento do futuro centro sociocomunitario de Sergude. "Con esta actuación, a veciñanza poderá dispoñer dun local no que desenvolver todo tipo de actividades, especialmente aquelas dirixidas á poboación da terceira idade", indica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

O rexedor tamén lembrou que este proxecto é posible grazas á aportación de 200.000 € por parte da Consellería de Política Social, virtude dun convenio de co-

laboración asinado por ambas as dúas entidades para desenvolver os traballos. O Concello aporta 2.000 €. Prevese que o centro estea operativo en primavera.

Un dos principais obxectivos deste proxecto é conseguir unha infraestrutura totalmente accesible. Así, entre outras actuacións, atópase a habilitación de accesos e de aseos para persoas de mobilidade reducida, así como o ensanchamento das portas para dar paso a cadeiras de rodas. Tamén se mellorará o sistema de climatización.

Renovan as fiestras de aulas do CPIP Antonio Orza Couto

A Consellería de Educación ultima a finalización das obras de reposición de fiestras no CPIP Antonio Orza Couto do Forte. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o delegado territorial da Xunta na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro Tato, e máis o xefe territorial da Consellería de Educación na Coruña, Indalecio Cabana, visitaron o colexio para comprobar o avance dos traballos de mellora nestas instalacións educativas.

Esta actuación é a se-

gunda fase do proxecto de reposición das fiestras deste centro educativo e comprende unha inversión de máis de 30.000 euros. As antigas fiestras, polas que se filtra o frío, están a ser substituídas por outras de dobre ventanal, de xeito que se optimiza a climatización do colexio.

Nos últimos catro anos foron preto de 100.000 euros os investidos dende a Consellería de Educación en diversos proxectos de melloras no CPIP Antonio Orza Couto de Boqueixón.



Fernández Munín, dereita, Cabana e Rodeiro durante a súa visita

Boqueixón celebra, por cuarto ano consecutivo, o seu Pleno Infantil

O Concello de Boqueixón celebrou o seu IV Pleno Infantil. Unha iniciativa, virtude dun convenio con Unicef e organizada polo Departamento de Servizos Sociais, coa que se conmemora o Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e Nenas.

Na sesión -presidida polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e pola edil de Servizos Sociais, Ana María Seijo- participaron 23 alumnas e alumnos de 6º de EP do CPIP Antonio Orza Couto e asistiron 27 rapaces e rapazas de 5º de EP como oíntes.



Os medio cento de alumnas e alumnos tras a celebración do IV Pleno Infantil

Recepción a participantes no programa de mobilidade xuvenil Galeuropa Val do Ulla

O Consistorio boqueixanés acolleu a recepción ás persoas mozas participantes no programa de mobilidade xuvenil transnacional Galeuropa Val do Ulla, integrado polos Concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces. Con este proxecto, desenvolvido a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, unha vintena de mozas e mozos puideron realizar prácticas en empresas de Cork (Irlanda), Sicilia (Italia) e Malta.

A recepción estivo presidida polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; polo delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro Tato, e pola subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, Yolanda Otero. Tamén asistiron o rexedor de Vedra, Carlos Martínez Carrillo, e o concelleiro de Xuventude e Voluntariado vedrés, Enrique Vázquez. As persoas participantes valoraron moi positivamente a experiencia.



Mocidade participante no Galeuropa e autoridades no exterior do concello

Entrega de premios do Certame de Fotografía e da Ruta de Tapas



Gañadores e gañadoras de ambos os dous concursos, tras a entrega de premios

O Salón de Plenos acolleu a entrega de premios do VI Certame de Fotografía 'Boqueixón en Imaxes' e da VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'. O alcalde, Manuel Fernández Munín, e máis o presidente do Consello Regulador Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, José Antonio Feijoo, organismo que colaborou coa proposta gastronómica, presidiron o acto.

O rexedor salientou os "excelentes resultados do certame de fotografía, que bateu todos os récords de participación cun total de

85 propostas". As persoas gañadoras -Isaac Pérez, primeiro posto; Alejandro Vázquez, segundo, e Fernando Lueiro, terceiro- recibiron, ademais dos seus premios, o calendario 2019, composto polas 12 imaxes finalistas.

Pola súa banda, a VII Ruta de Tapas entregou os tres premios da clientela, así como os diplomas aos establecementos hostaleiros vencedores: Casa de Xantar Casa Castro -primeiro posto-, Cervexería O Vikingo -segundo lugar-, e Restaurante O Imprevisto e máis Bar a Barreira, de terceiros.



Visita de Papá Noel á EIM Raíña Lupa

Os alumnos e alumnas da EIM Raíña Lupa de Boqueixón deron a benvinda ao Nadal coa ilusionante visita de Papá Noel, que lles agasallou con doces. Tamén visitou as Escolas Unitarias e a residencia de maiores.



Cayetano Lledó sorprende co seu show

Grandes e cativada gozaron co espectáculo de maxia cómica teatralizada de Cayetano Lledó, incluído no programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña. *Lafayette Show* conquistou a todas as persoas asistentes.

Boqueixón enche o Nadal de citas deportivas

O Nadal estivo marcado en Boqueixón por diversas citas deportivas e culturais. Entre elas, non podía faltar o tradicional Torneo Interparroquial de Fútbol Sala, que este ano chegou á súa 25 edición. Foron seis os equipos que participaron neste campionato, do que quedaron finalistas o Vende Vindo e o Reale Lestedo, gañando o primeiro por 4-2.

A entrega de trofeos estivo presidida polo alcalde, Manuel Fernández Munín, que estivo acompañado polo delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e pola edil de Educación, Cultura e Deportes, Mari Botana.

Por outra banda, medio cento de rapazas e rapaces das Escolas Deportivas de Boqueixón e do Club Ágora participaron na II Gala de Patinaxe Artística. Exhibicións de distintos grupos e a visita sorpresa de Papá Noel centraron a cita celebrada no renovado pavillón de Lestedo.



Autoridades cos integrantes do equipo gañador da 25 edición do Torneo Interparroquial de Nadal do Concello de Boqueixón



Arredor de medio cento de rapazas e rapaces participaron na II Gala de Patinaxe Artística no renovado pavillón de Lestedo



AXENDA DO MES DE XANEIRO

**Domingo
6**

Tarde de Reis

Polideportivo do Forte
A partir das 17.00 horas
Entrada de balde

Xornada chea de diversión para toda a familia. Boqueixogo, con inchables variados e obradoiros. Chegada dos Reis Magos que repartirán agasallos entre nenos e nenas de 0 a 12 anos. Colabora SBC.

**9, 14,
23 e 28**

'Entrenamento en Habilidades Sociais'

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros dentro do

**11, 18
e 25**

Programa de Prevención de Condutas Adictivas no que colabora a Consellería de Sanidade e dirixido ao alumnado 6º de Primaria.

Saber... drogas

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros do Programa
de Prevención de
Condutas Adictivas
dirixidos a 1º de ESO.

**16
e 23**

'Entrenamento en Habilidades Sociais'

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros dirixidos a

**Venres
1**

alumnos e alumnas de 1º de Educación Secundaria.

e en febreiro...

Saber... drogas

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros de Prevención
de Condutas Adictivas
dirixidos a 1º de ESO.

**6
e 13**

'Entrenamento en Habilidades Sociais'

CPIP Antonio Orza Couto
Obradoiros dirixidos a
alumnos e alumnas de 1º
de Educación Secundaria.

**Máis información
e inscricións:**

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com